

Ouro nos Castros

POR

Xosé Filgueira Valverde

Director do Museo de Pontevedra

Se hoxendía percorredes Galicia, non acharedes un soio lugar da campía onde non se atope viva a idea dos tesouros acobillados nas mámoas, nos castros, en outros lugares con tradición ou topónimos arqueolóxicos: Arca, Ucha, Meda, Medorra, cas súas variantes, Uz, Arcos, Paredes, Cidade, Ciadela ou Cividade,...

Agás dos traballos de Risco, Cuevillas, Bouza Brey, Carro Taboada, Blanco, e das cédulas do Catálogo dos Castros e da Carta Arqueolóxica, temos en Galicia un estudo de conxunto encol das lendas castrexas feito por Gonzalez Reboredo. Os estudos portugueses (Fortes, Heleno, Severo, Santos Junior, Do Pazo, Carodozo, Días,...) concordan cos nosos.

Pras lendas de achados temos unha base certa, directa: os achados mesmos; outras, indirecta, as ideas que xacen no sustrato tradicional referidas a eles ou aos tempos en que o tesouro estaba «vivo». Non ten dúbida que feitos máis ou menos achegados a nos poden vir poñer de resalte vellas creenzas. A explotación «mineira» das mámoas no XVII ou as xeiras de escavación de agora, deron confirmanza a refendas vellas de transmisión falada.

O achado pode percurarse por un medio ritual:

- a) Iniciación.
- b) Videncia.
- c) Técnica.
- d) Verba-chave.
- e) Libro.

A *iniciación* pode vir de unha persoa amiga que teña recibido no seu día o segredo ou de un dos «habitadores primitivos». Este segundo caso, o da moura ou os mouros axudadores, tense recollido moitas vegadas. Coido que será bó traer eiquí unha mostra aportada na famosa litis Vázquez de Orxas no 1608; na xurisdicción de Penaflor (Caldas de Reis) como sucedido na Mámoa de Segade:

Juan Alonso declara: «...cómo un su criado llamado por nombre Hilario Alonso había hallado allí una mujer descabellada y bestida de raxa parda y los cabellos sueltos, y esto á bocanoche, yendo el para el molino con un fuello de grano, y que trahía en la mano unos pocos de pelos, y que le dixera que qual le parecía mejor aquello que ella trahía en la mano ó ella; e que él le respondiera que ella le parecía mejor que no lo qua ansi trahía en la mano: y entonces que ella le mandara que fuese á cabar el dicho otero de la mámoa de Segade y que hallaría tesoro para sí y para toda su generación...»

Alonso de Campos dijo: «...que la dicha mujer que le llamó ansi a bocanoche le preguntó que qual le parecía mejor ella ó unas vueltas que trahía enlazadas en las manos, que parecía como horo, y las mostró á este testigo, y ésto le respondió que mejor le parecia ella, y la susodicha le dixo: dichosa la madre que te parió; y dice: que la dicha mujer era negra y fea y que hablaba por las narizes».

No mesmo preito do XVII cóntanse casos de *videncia*, fálase mesmo de *veedeiras* que interveñen «profesionalmente» na percura dos tesouros. Antre elas de «una asturiana, que al presente, dicen, vive en Santantoiño, andaba por esta tierra echando varas para saber de tesoros de las mámoas y que echaba dominas y andava haciendo otras medicinas».

Moitas vegadas os «veedeiros» son adiviños que empregan *técnicas* de xeito somellantes aos da Hidromancia pra acadar os tesouros, levando na man unha variña que xira ao pasar sobre metal ou catro varelas aforquiñadas. O uso de varas «rabdománticas» esixe ritualmente o rezo de certos salmos. Parte da devoción nos pazos galegos do XVIII aos Reises Magos, ven do uso de poñer en cada unha das varas o nome de un deles. Das «variñas» fálase

moito nas cuestións do 1600: «Echaban varas». Tamén esta adiviñación ten outro feito que é o das ramiñas de romeu envoltas que se desenrolan.

En pura maxia, unha *verba* ou un conxuro pode abrir o tesouro ou facer que se perda pra sempre. Nin deixa de habere apelacións de maxia negra a unha especie de demo señor dos tesouros. A verba-chave pode vir dada denantes por unha iniciación. Mesmo pode dar que sexa como unha adiviña, ou que o preguntado teña, de sócato, a intuición da resposta. Fraguas ten recollido aquilo de que cando a moura saca a asoellar o seu tesouro e pregunta:

— ¿Gústalle a tendiña?.

O que passa por onde a moura logra o tesouro si responde:

— Gústame a tendiña e mais a señoriña.

No mesmo proceso leemos que un home atopara un tesouro no lugar onde unha vaca, que se deitara no chan, erguérase con manchas brancas na pel. Tamén pode verse sair fume da terra: «son eles» que estan cocifiando. O que pudo ser un día siño natural de calidade nos terreos, experiencia de mineiros ou de pastores, eiquí tórnase manifesta monición do tesouro.

As verbas veñen nos *libros*. No proceso 1608-1610 publicado por Martínez Salazar, consta tamén nos documentos da Real Audiencia, que os buscadores usaban breviários. Ora, o libro por antonomasia é *O Ciprianillo*, o grande grimorio chamado *Libro Magno de San Cipriano*, cas suas oracións, esconxuros, ladaiñas, e mesmo enderezos:

Antre as follas revesgadas
dese libro, danse señas
de tesouros
e riquezas enterradas
pé dos ríos polos mouros.

Porque no *Ciprianillo* ven toda unha casuística das adiviñacións pros achados. Tense dito que é unha sorte de «womerang» que dí cómo atopalos e trae onde están... os que xa están atopados.

Fai xurdir a maxia e a recolle. A refenda destes tesouros ten moito intrín e foi espertando non soio cobizas senón curiosidade arqueolóxica. Comprende 146 lugares; casi todos poden identificarse e son, pola súa maior parte, recoñecidamente «arqueolóxicos».

Coido que podo asinalar o orixe desta relación. Cando o Lcdo. Pedro Vázquez de Orxas, — chamado «el Indiano», por terse criado na América,—no 1606, «denunció, registró y manifestó por Hacienda Real todas las mámoas de gentiles galigrecos, algunas de las cuales, dice, tienen oro», presentou un «registro» que foi aceptado pola Audiencia de Galicia. Di Martínez Salazar: «no hemos podido encontrar ese registro, que no sería quizá de todas las mámoas de Galicia, sino solamente de las de Padrón, Caldas y algunas otras». Ese é o que pasou ao *Ciprianillo*. Podedes velo tal como ven, de certo alterado, na edición de Leipzig:

1. En la encrucijada de Lobios.
2. En Louro.
3. En Louredo.
4. En la revuelta de Sabajares.
5. Al poniente de Padroso.
6. En el parque del Conde Mora, cerca de Padrón.
7. En Portela.
8. En Teba, residencia de Frei Themudo.
9. En Badián, casa de D. Sisnando de Logroño.
10. En el sitio de la Cruz de Padreda.
11. En Oroso.
12. En Longuares debajo del puente.
13. En la roca negra de Otero.
14. En San Benito.
15. En un otero de Fraga.
16. En Fuente Fría.
17. En Bonras, detrás de la Iglesia.
18. En la cuesta de Leirado.
19. En el camino subterráneo del castillo de Mondarim Galifío.
20. En lugar frente á Lusa.
21. En el solar de los nobles de Andrade.
22. En el camino del monte á la salida de Barbantiño.
23. Al levante de Chilanaña.
24. En el pico de Portela.

25. En la iglesia de Segalvo.
26. En el soto de Monir Payo.
27. En la puerta de Bentraces.
28. En el nacimiento del río de Monte del Ramo.
29. En un sitio de Prado.
30. En los montes de San Mamed, del Norte.
31. En el castillo de Sabogido.
32. En el valle alto de Manufe.
33. En Foreadela.
34. Al lado de Quintas, en la peña tercera.
35. Junto á Burcia por la parte del Este.
36. En la via de Sobroso á Cobelo.
37. En el panizal de Tornelos á 303 pasos de Mirandela.
38. En el cruce de Castro Marigo.
39. En la parte de Levante de Laroa.
40. En la cuesta de Vilaríño.
41. En la esplanada de Flariz.
42. Junto á la iglesia de Pinoe.
43. En el lugar de Oriñe.
44. En la salida angosta de Poelentés.
45. En el parque de Amorim.
46. En Fontarcada.
47. En la subida de la torre de Vilasa.
48. El pie del ciprés negro del Niño del Aguila.
49. En Infantes Novos.
50. En Ababides.
51. En Marmontellos.
52. Al pié del pico de Villa Rey.
53. En el Castillo de Pazos.
54. En la parte de Levante de Febra.
55. En la peña de Entre Vides, al pie del olivar de Sotocabo.
56. En los dos peñascos de Reiril.
57. En la revuelta de Baños.
58. En Becerroz.
59. En San Torcuato.
60. En la parte de Levante de Monferey.
61. En Trás de Eitrada.
62. En el río Bibey.
63. En Raude.
64. En el alto de Enteza.
65. En el camino de Martiñán.
66. En Rebordono.

67. En la plaza de Teiroso.
68. En el Cabo de Torneiros.
69. En el regato pequeno de Amerín.
70. En el oratorio de Ovega.
71. En la parte baja de Peinera.
72. En la parte Sur de Fraqueira.
73. En Chamusiños.
74. Entre los dos peñascos grandes de Louresa.
75. En el cruce de los dos caminos de Uma.
76. En Regias.
77. En Torende, en la falda del monte.
78. En Montecel, camino de Gironda.
79. En Osono.
80. En el camino de Freira.
81. En Villar de Vella.
82. En el foso de Cadabos.
83. En Santegoso.
84. En Freixo Luviano.
85. En Vaguasoso.
86. En el corto de Lobanzos.
87. En el resbaladero de Hermorende.
88. En Fontes.
89. En Paramor.
90. En Parada.
91. En San Julián.
92. En Navia.
93. En la cruz de Gañado.
94. En el crucero de Curul.
95. En Sotomayor.
96. En Caldeas.
97. En el castañar de Intrimo.
98. En San Pedro Mártir.
99. En Gondomar.
100. En el alto de Feis.
101. En Arnón (aquí hay también un libro árabe) que detalla los tesoros existentes en lugares de Castilla.
102. En las puertas de Teste.
103. En el bajo de Romallosa.
104. Entre Rubiás y Manini.
105. En la capilla de Gironda.
106. En Famaquellos.
107. En Sorrios.

108. En Valgeras.
109. En Tabagón.
110. En la angostura de Salados.
111. En Gondarén.
112. En Sendollo.
113. En el atrio de Cheleiros.
114. En Sedorne.
115. En Arzua.
116. En las inmediaciones de Corcubión.
117. En Saboadella.
118. En el coto de Ortigana.
119. En Cela.
120. En Gormecín.
121. En Feces.
122. En el valle de Monzalvos.
123. Cerca de Castretos.
124. En Guillade.
125. En la Subida de Picoña.
126. En la parte de Levante de Gargamala.
127. En el bajo de Comiar.
128. En Cangas, sitio de los cuatro caballos.
129. En la brecha de Anceo.
130. En Freixo.
131. En la parte de Poniente de Oterelo.
132. En los alrededores de Moscoso.
133. En Sincia.
134. En San Adrián.
135. En Ortigueira.
136. En Canedo.
137. En Seneda.
138. En la iglesia de Moreira.
139. En la de Borbén.
140. En Ciervos.
141. En Requeijol.
142. En Fresmo.
143. En la cumbre central de Cerejal.
144. En Couso.
145. En el valle de Manceda.
146. En la bajada de Valiña.

O senso dos tesouros na tradición

Falemos agora no senso destes tesouros das mámoas e dos castros como siño mítico. Perante os aldeáns estos acobillos son:

a) *A imaxe de unha realidade superior.* — A Parroquia galega compónse de catro «mundos» distintos e compenetrados: o dos vivos presentes, o dos ausentes (a parróquia de emigración), o dos difuntos (que se manifesta na Compañía), o dos mouros e mouras que «viven» baixo da terra e poden saír a asoellar os seus tesouros, a mercar nas feiras, a «probar» ou a adoutriñar aos vivos. É «outra realidade».

Para achegarse a ela é mester ir «santo», calisquer que sexa o rito seguido. O ouro é siño do «ben»; con ben ao ben. Emporiso tantas mencións de cousas sagras nos inquéritos. Mesmo no preito Vázquez de Orxas, consta que no 1604 pra abriren a Modea de Mollafariña, un dos que foran «llevaba en un costal la cruz de la iglesia de Gundariz (sic), un círio pascual y agua bendita en una vinajera de la iglesia». Tamén pra cavar na do Porto da Pedra levaban «un crucifijo y velas benditas» e mais «agua bendita» da eirexa.

b) *A vitoria sobre a garda.* — Acadar un tesouro non é somentes acrecentar cun ben a propia facenda; é outer un triunfo. A «realidade soterrada» oponse a que un mortal o logre. Si o foi é vencendo «a garda». Esta vitoria é somellante a do amator medieval fronte ao «guita» ou nai, no caso de Galicia e de Portugal.

Non é somentes que o mortal entre na posesión de un ben, senon que o logralo derrota a algo; gaña unha loita contra o segredo e as forzas gardadoras do segredo. E... tamén sobre os outros veciños que non chegan ao acobillo. Danse casos; abonda coidar que pode tocarlle a un a sorte, esa sorte que está alí pra quen a teña.

c) *A soidade do pasado.* — O tesouro é unha lembranza do que foi e tamén do que «se-quire-que-siga-sendo». O ouro avencéllase nas ideas do pobo a un tempo vello e felís, a unha primeira idade leda do mundo, do noso mundo. Coma na máis requistada lírica.

Tódalas lendas de tesouros de mámoas, castros ou torres, avencellan ao ontres. Son a taxenta que liga «ao que foi», e o que «foi» está soerqueito pola idea do tesouro e sacralizado polo «encanto».

Como o feito máis lóxico e xurídico, os escribanos de escomezos do XVII escribian ao ditado de Vásquez de Orxas que era de Su Magestad e non de quen o collese fora por traballo ou por «encanto». O «encanto» entraba dese xeito nos modos de posesión.

d) *O resarcimento*. — Cicais poida avencellarse a estas ideas a do «equilibrio compensatorio». Un «terter» do ontres rico co hoxe probe. O labrego pensa que, pase o que pase, ahí enbaixo están os «nosos» tesouros nas mans «déles». I «éles» son, en certo xeito, algo noso. A senso contrario, os tesouros veñen compensar, equilibrar, como neutralizando no ideal os amargores da vida cotián. Cicais, un día, un teña a sorte...

e) *O ouro como via de exemplo*. — Os mais dos contos galegos de tesouros encádranse antre os apartados de «axuda sobrenatural» ou de «poder e saber sobrehumán» dos repertorios europeos. Como nos contos tipo destes grupos, teñen xogos binarios. *A Trabe de Ouro e a Trabe de Alquitrán* valeu a V. Risco pra unha páxina xurdia. Enxemplo ternario é o de *As Tres Hirmáns* de Pontevedra, que son tres rocas da ribeira. Temos relatos positivos, en que o ben é recibido, e negativos en que se perde o galano ou se recibe un castigo. O mito de Midas encarna este envés do trunfo.

O ouro e o mundo animal

Coido que os prehistoriadores temos que falare moito cos antropólogos do tema dos animalíños que revelan o ouro: as galiñas con pitos de ouro que salen en tantas lendas castrexas, os patos de ouro, os vitelos,... Nunha dobre verquidá, por unha banda na presenza dos animais nos vellos cultos, pola outra nas representacións que se teñen achado e que impresionaron as xentes. ¿Quén

dúvida de que as aves de pezas como a do Tesouro Bedoya, confirman diante dos aldeáns o tema dos «pitos de ouro» e o «re-xeneran»?

Nos procesos consta que se atopou un «pato» de ouro. Escavábase en Amenido por «que era fama pública que dicha mámoa de Amenido tenía tesouro y decían que todas las mañanas de San Juan de cada año veían en ella señales de haber tesoro que eran un ható de gallinas y pollos, los cuales luego desaparecían después que se mostraban».

O ouro e a iauga

A presenza da iauga nas lendas baséase tanto en que tamén ela é un tesouro que se busca, soterraña, como no feito de que nos ríos se collan os baluces de ouro. Mais tamén convén lembrar que na época román os ríos, desviados, xogaron un rol dianteiro nas grandes esprotacións mineiras.

As lendas, as mouras, saen a buscar auga; quen a ofrece pode ter galardón. «Eles» petan no penedo porque teñen sede... En certo xeito vense forzados a saír pola necesidade en procura do sol ou da iauga.

Contos de mineiros

Non sei se nos temos decatado de que a vida de Galicia román tivo catro fasquías: agraria, mariñeira, militar e mineira. Delas, a que mais espantaría ás xentes sería a do traballo baixo a terra, novo, distinto, arriscado, á ves condea (a noite en día) e prémio (onde estaba o ouro). É lóxico que aqueles, forzados ou non, que labouraban nas galerías, soterradas, saísen falando cousas misteriosas. Viñan das entranas da terra, coma os navegantes viñan das trebas do mar. O noso lendário dos Castros é unha *Odisea*, non de navegantes nin de viaxeiros sinon de traballadores das minas. Do tempo dos románs non nos quedan cantos épicos: a épica castreña é a dos moradores, mouras e mouros soterrados, que

saen a asoellar os seus tesouros. Compre ollar baixo dista cavilación, moitas das notas achegadas por V. Risco encol dos habitantes soterraños.

Tesouros do tempo dos mouros

Porque os protagonistas destas narracións son eles: os «mouros» que non quer decir «árabes» senón devanceiros, antepasados, «santos pasados», como din ás veces os nosos paisanos sacralizando as lendas.

Non temos moimento galego nin portugués onde non acouguen. De certo, non se trata de «genios demoníacos» como coidara Murguía. Aveiráronse, en troques, á interpretación válida Martíns Sarmiento e Cuevillas cando sostiveron que néles perdura a memoria dos pobos da Prehistoria e da primeira Historia. É curioso que poida escoitarse aínda en Bande que «foron botados polos románs». No que non hai acordo é en que sexan ou non cristiáns. Mais ben cóidase que non. É o que Risco chamara «a paganía dos Mouros».

E cando decimos «sexan» temos de facer un distingo que compre. Pois, ás vegadas, fálase neles coma se seguiran vivindo; outras veces, foron desbotados. Pro queda un antre lusco e fusco, medieiro, no que se pensa que foron e siguen sendo. A idea de sobrevivir ligase ao encanto. Refírome á lenda dos «Sete dormentes» e outras que teño estudado na *Noción del tiempo è gozo eterno en la narrativa medieval*. A «palabra», ven quebralo:

— «Pra min que eles viven, decía un veciño de Nogueiroa —, soio que teñen as suas palabras, que ábrese a terra e péchase».

O seu diñero é tamén diñero encantado. Cargades co él, chegados á casa, tornouse bosta; guindades a bosta e, calisquer que pase pola carreira, atopa o ouro que vos desbotáchedes. Porque os «mouros» teñen o seu escarño e o seu maldizer.

E inda quedan as serpes; e o troque de pobacións da Oestrimida ao chegaren os saefes, o relembro totémico, o monstro gardador do encanto, é a tentación...

Carré ten recollido, antre os seus *Contos*, dez lendas de castros e «mouros». Compre leelas. Non podo determe, que queda moito por falar.

Os tesouros na Historia

Si dende os «brincos de praca» do eneolítico, o ouro brila nas testemuñas que nos restan dos pobos primitivos, o ouro e, polo xeral, toda a minería, decidiron logo a nosa primeira Historia: o pulo e a toma de Tartessos, o mito das Espérides, o descubrimento de Galicia, as navegacións gregas e púnicas, a conquista e dominación román de Galicia, a situación nela das Lexións e, mesmo, a incursión na Tarraconense...

Cando se cifra en Kolaios a idea do descubrimento de España e nela o da Gallaecia, o texto de Posidonio en Estrabon, despois de aludir aos fenicios de Gadir que tiñan, deica entón pra eles soios, o comercio das Cassitérides, fala no ouro: «Antre os Artabros, que viven na extrema Lusitânia — di a *Ora Marítima* — cara o Oeste e o Norde, ten a terra efroescencias de prata, estaño e ouro branco, que é ouro mesturado con prata. Estas terras son alastradas polos ríos, e as mulleres, logo de amasar as areias, lávannas en cribos tecidos ó xeito dos cestos».

No primeiro escrito da nosa Historia están xa non somentes a minería e o ouro, senón as aureanas. Abonda a comparanza distas notas cas que dá pra o sul pra abranguermos o senso dos mineiros e da súa explotación nas nosas comarcas.

A xeira de Decio Junio Bruto, o Callaico, ao N. do Douro no 138 antes de Cristo, xúnguemos a Roma. A aproveita de minería escomenza a partir do procónsul da Ulterior Publio Craso (96-94 a.). Ela da a chave das guerras cántabras, da presenza das lexións X e VII e cicais da VI Victrix, da ala II Flavia, das primeiras cohortes de celtiberos e galos...

Eiquí entrarían, se tempo houbera, as mencións do ouro galego nos escritores crásicos.

De Justino, o abreviador de Trogo Pompeio, recolleríamos que o arado soerguía moitas veces o ouro ao abriren os sulcos, e que no Mons Sacer, somentes se collía o que deixaban ao descuberto os raios nas tempestades. O ouro galego brila nos versos de Marcial cando ofrece a Caio «todo ouro que o astur arrinca das entranas da Galicia», ou cando chama aos callaicos «auríferas xentes». Unha

copa gábase de ter sido labrada en curo galego; outra, contra Carino, ponse a carón das obras de Fídias, Mirón e Praxiteles.

Obra dos ourives da Galicia, era tamén no De Bello Púnico, pra Sílio Itálico, «o escudo de Anibal». «O avaro astur que sabe pola súa desgracia, entrar nos fondos tobos da terra para saír deles tan amarelo como o ouro que dalí arrinca». «...lidaron contigo o rico Pactolo, o Douro e o Texo, e ise Lethes que arrousa as súas brillantes areias polo país dos Gróvios, lembrando a estas xentes o río do esquecemento...». En Claudiano espéllanse as loitas polo ouro. Floro, Lucano, Mela... ofrecen outras testemuñas. De todos os tesos, o de Plinio é o de meirande intrés pro estudo das esprotacións na época román.

Lendo como describe as montañas onde se pecha o ouro — ardigas, desinzadas, que pra ningún cultivo prestan — lémbrense axiña os escalvados lugares do Bierzo ou das vosas montañas. Logo pondera a dureza das rocas que teñen de sere britadas ca axuda do fogo e do vinagre. Longos tobos furaban os montes. As pías facíanse cair logo, pra que o monte viñese abaixo e a iauga arroúsase as pedras. Os ríos encorábanse en canles, que tiñan corgos pra represalos e que apousasen as borras; logo aproveitábanse pra ser deitados, en fervenza dende o outo pra crebar as rocas. As presas facíanse con feixes de herbas espiñentas — cicais os toxos — e antre as follas recollíanse os graus meirandes («palacras»); os pequenos apañábanse cando eran queimados os feixes; chamábanse «baluces».

A veira dos nosos ríos, os grandes aproveitamentos mineiros. No Miño, ourense (Auriense) leva no mesmo nome o sinal do feito que o fixo xurdir como sede no sul da Galicia interior. Perto de Ourense, entre Barrantes e Ribadavia, unha cadea de esprotacións; outra, a carón de Salvaterra, terra adentro, a de Maceda. Nas veigas do Sil, os meirantes mineiros de España, que testemuñaran as Médulas do Bierzo cas súas titánicas cavas (200 millóns de m³.); a formación do Lago Carrucedo o desvío fluvial no túnel de Montefurado. Aproveitos en Finlledo, Espinaredo e Veguellina. Mais de catro toneladas de ouro ao ano saían pra Roma. O N., os de Asturias, deica o Rañadoiro. E logo, eiquí, ben perto do lugar onde

nos axuntamos, os mineiros do Val do Tâmega, de Vilapouca de Aguiar, de Chaves e de Braganza. E deica o S., os auríferos ríos cantados por los poetas.

Os ourives do tempo dos castros

As xoias que nos versos de Marcial podían porse en parangón cas dos mais famosos artistas saían das mans de ourives de Gallaecia. Escoitemos a Cuevillas cando soergue a laboria destes homes que traballaban nun ambiente guerreiro, mineiro, rural «pra ricos do tipo do lusitano Astolpas, sogro de Viriato, pra nobres como o Coronero de Briteiros que facía estampar o seu nome na lumieira da porta do seu casal, pra guerrilleiros e soldados de fortuna que, con eles, serían figuras punteiras de aquela sociedade ruda e primitiva...» Artistas itinerantes, viaxeiros, cos seus talleres ás costas, de mercado en festa. Moitos achados teranse feitos nos acobillos en que esconderon as suas xoias. E saíron polo mundo, «soio alá nas fronteiras da Xermania, as faleras de Lauesforteim lembran a un artista do noso país. O ourive que as firma chámase Medamus; este nome que, pese ao seu celtismo nin é galo nin xermano, ímolo atopar ben representado no Convento de Brácara, onde figura nos epígrafes de Cadós, das Caldas de Vizela e da Citânia de Briteiros». Perdoade a longa cita; Cuevillas, como Blanco Freixeiro, como tantos prehistoriadores vosos e nosos, é un artista da fala i enche de emoción estas lembranzas de un arte que tanto tiña de influir no dos tempos visigóticos e no primeiro románico.

As xoias castreñas

En comunicacións a anteriores coloquios celebrados nestes Portugal fraterno, com o memorabre de Arqueoloxía do Porto en 1966, teño falado encol das xoias castreñas. López Cuevillas, Carro, Santos Junior e Blanco Porto as investigaron de xeito exemprar. Hoxe farei unha mui curta referencia, que xa sobardei moito o tempo xenerosamente concedido.

A variedade é a nota distintiva da orfebrería galaica na prehistoria e na época dos castros. Reflexo fidel do espírito de pobos e tempos, nela atopamos os dous rostos que ofreceron a siguen ofrecendo as nosas terras, as dúas costantes que se manteñen, vizosas, convivindo en milenios de tradición artística. De unha banda, o laimo polas formas amplias, compridas, as liñas círcias, os volumes craros, en magnitude, alleos ao decorado ou con decoración moi sobria, a nobreza dos materiaes... E o que nos ven da cultura dolménica e do eneolítico, o que atoparades no granito dos moimentos megalíticos e, tamén, nos vasos, nas manillas, gorgueira, cuncas e pieite das coleccións do Museo de Pontevedra. De outra banda, a liña que prefire a decoración miuda, o primor, mellor que o volume, as feitura requintadas, o miniaturismo das filigranas: Foxados, Irixo, o tesouro Bedoya sobre todo. Deste arte, do da cultura dos castros, arrinca o surco que vai ao visigótico, ao protorrománico, que inza no medievo e que perdura, deica hoxe, na artesanía popular.

«Para las gentes de los castros galaico-portugueses — di Blanco Freixeiro —, fue la orfebrería un arte de grandes vuelos en el que nos dejaron la muestra más depurada de su gusto exquisito. En su lenguaje de formas advertimos cómo, unas veces, domina la expresión de fuerza, de tensión, de claridad; cómo, otras, en cambio, se busca el movimiento, la variedad, el juego. Pero tanto en uno como en otro caso, las creaciones de esta orfebrería son testigos mudos en el mismo sentido y medida que todas las obras del arte celta, del arte de este pueblo que no conoció sosiego ni la paz duraderas; que en sus correrías por media Europa alcanzó victorias resonantes, pero infructuosas, sufrió amargas derrotas y vivió en permanente zozobra. Sus joyas lucen hoy en las vitrinas de los museos y nos hablan de su fantasía y de su buen gusto, pero no dicen una palabra, ni alegre ni triste, de la turbulenta existencia de sus creadores».

No arte castrexo perduran formas do bronce, a carón das aportacións hallstáticas: o brazalete de Estremoz, obra prima de un xenio da ourivesaría é a mostra do legado recibido e das posibilidades que se abrían a o tempo novo.

Antonio Blanco ten establecido nidiamente a cronoloxía das xoias castreñas. Nun primeiro andar (475-300) as xoias están perto

da técnica sobria, son lisas ou con decoración incisa ou repuxado-estampada; nunha segunda fase, que acada o século I (temos datado o tesouro de Bedoya por terse atopado con él un aureo de Domiciano) as xoias teñen decoración de boliñas, glóbulos, cordóns entrelazados e filigrana. O mesmo Blanco recoñece que se non pode establecer un rexo esquema temporal porque se atopan xuntas unhas e outras.

Eiquí, si o tempo dera pra tanto, houbéramos sinalado a tipoloxía. A das lúnulas. A dos brazaletes, gallonados (Moimenta, Lebução, Melide), con fochiñas i esférulas (Toén, Chaves, Carantonha, Évora, Lebução, Estremoz). Os brazaletes ou colares tesos, de grande abertura con peza solta pra fechalos do tipo da «axorca da Moura». Os amuletos, como os do Instituto de Valencia de Don Juan. As diademas, que acadan o seu cume cas de Ribadeo (Arqueolóxico, Instituto de Valencia de D. Juan). Os torques de remates en landra, en conos investidos, de anforiña, con decoración ou sin ela, non soio nos remates, sinon na vara. As arracadas, a carón das do influxo mediterráneo (Monsanto, Burela), sinxelas (Masma, Recouso, Burela,...) con apéndice triangular baixo a media lua (Laundos, Povoá, Afife,...), con blóbulos repuxados nos triángulos (Irixe, Carvalho, Vilar de Santos, Anta, Briteiros,...).

A grande e xeral escavación do século XVIII

Botade agora un ollar a esta relación de mámoas e de achados E un extracto moi curto do que se sabe dos poucos lugares en que interviu a xusticia. Porque tendes de saber que no primeiro decenio do XVII, no abrente do Barroco, pasaron de tres mil as escavacións feitas na Galicia cando aquel licenciado Vázquez de Orxas acadou o Real Privilexio e os señores, os abades e os labregos en cada xurisdicción, onde poideron e os deixaron, ó amparo dos señoríos ou as furtadelas, removeron a terra por tódolos rincunchos do país, o que fixo perder milleiros de xoias, ante a mais chenchu frieza dos historiadores e anticuarios. A carón da refenda do *Cipriánillo*, que denantes vos paséi, mirade agora a relación tirada do «expediente» de Vázquez de Orxas, que extractou Martínez Salazar.

Incrúimos nela mámoas e castros; os escribáns do XVII non distinguían moito:

MAMOAS

- MAMOA DE AMENIDO. San Martiño de Pazos. — Terra de Gaèoso. — Folk.: Pitos de ouro.
- MAMOA DE ANAFREITA. — Mun. de Pol. Lugo. — Monedas de ouro. «La moneda tenía cuatro caras cada una de ellas» (Sic. dos caras). «Un pedazo de cosa como de metal que no sabe si es de oro». «Una pieza como de hechura de un machado» que era de metal. Pedra con escudos e letreiros.
- MAMOA DE BUDIÑO. — Feligresia de Santa María de Budiño. — Perto de Sigüeiro. — «Mámoa de grande tesoro».
- MAMOA DOS CASTELOS. — Friol. — Lugo. — Bolas y pedazos de oro macizo. — «Gran cantidad de oro en piezas y moneda».
- MAMOA DE COTO DO HOME. — San Vicenzo de Argozon, Chantada. — Moi alta — «Un menino de oro, que le se había quebrantado un brazo».
- MAMOAS DAS FORCADAS DE SENRA. — Oseira. — Abertas no ano 1607.
- MAMOA DE FOXO DE MOREIRA. — Orcellón. Lugo.
- MAMOA DE GANDARA DE ARCOS. — Valladares — Vigo. — «Dos bolas» que tiraran.
- MAMOA DO GOLPE — Grixalva. Sobrado. Coruña. — «Muy gran tesoro de oro».
- MAMOA DO LEBOREIRO. — Fonte do Fío. Jurisd. de Andrade. — «Un pato de oro».
- MAMOAS DO LOURO. — Monte do Fíio. — Feligresia de San Bréixome de Parga.
- MAMOA DE LOUSIDO. — Terra de Villarino. — Entre el Castelo de Santa Cruz e o Monte Pigra. — «Gran tesoro de oro».
- MAMOA DO MARCO DE COUSO VELLO. — Santa María de Brañas. — Encomenda da Barreira. — Como arqueta. — Letreiro. — «Cantidad de oro en bolas de oro».
- MÓDEA DE MOLLA FARIÑA. — Feligresia de Casas. Vilalba. — (?).

- MAMOA DE MONTE VICENTE. — Grixalba. Sobrado. — (?).
- MAMOA DE MOURENGOS. — San Martín de Armental. —
Tierra de Mesía. — «Piedra redonda de oro». — «Bolilla redonda de oro». — «Oro en un bollo».
- MAMOAS DÁS NEGRADAS, DAS LEBRES OU REZA. —
Negradas, cerca de Foxados. — «Un jarro vidriado garrido y un como espumajo». — «Una figura toda de santo, como de oro». — «Que tenía en la cabeza a manera de corona como un real de a ocho», en «un cofre pintado», «de metal». — «Tres piezas a manera de escoplos de carpintero».
- MAMOA DE NOGUEIRA. — Santa María de Nogueira. —
Chantada. — Tres libras de ouro.
- MAMOA DE PARAÑOS. — Grixalba. Sobrado. — «Pedras grandes».
- MAMOA DA PENA DE LEBRE. San Xiao de Lardeiros. —
Castro. — «Una cántara y ollas... la mitad de ellas con dos asas»... «Como las de tener agua...».
- MODEA DE XUNTO DO PORTO DA PEDRA. — Villalba. —
Folk. — Deitárase unha vaca e levantárase con manchas brancas.
- MODEA DE OSEIRA. — Abríranse trinta e unna no ano de 1609.
- MODEA DE LAMAS. Chantada — Lugo. — (?).
- MODEA DE LOMBO DE FONTAN. Caldas. — Castro de Segude. — «Piedras que no eran piedras ordinarias». —
* Folklore.
- MODEA DE MELIDE. — Moitas foran violadas denantes de 1610.
- MODEA DO LUGAR DO PEREIRO. San Xiao de Cumbras. —
Coto de Sobrado. — Un xogo «de bolos», «doce bolos y dos bolas» y un «juego de argolla tambien de oro, argolla y bolas y manoales».
- MODEA DE PORTO AGUIEIRO. Anxeriz.(?).
- MODEA DE PRADELA. Santa María de Foxados. Sobrado. (?).
- MODEA DE RAÑALONGA. Feligresía de Brión, coto de Montouto, Jur. de Altamira. — Aberta en xaneiro de 1609.
- MODEA DO REGO DO COUTO. — Feligresía de Malos — Mellide.

- MODEA DE REIGOSO. — Antre as xuridicións de Sampaio, Friol e Mirás. (?).
- MODEA DE RODEIRO. — Abríronse corenta e catro na xurisdición no ano 1609.
- MODEA DE TEIXIN. — Santa María de Malos. Boente, Dubra. — Modorra de pedras... «grandes, levantadas con outra pedra grande por cubierta».
- MODEA DE TROAN. — Santa María de Aldán, Baños. — Monte de Cubela. — «Una mamoa como casa debaixo de tierra echa de ladrillos... en grande altura».

CASTROS

- CASTRO DE LAMELA. — «Cinco o seis pedras de altura de cinco palmos, las cuales pedras de la parte de abajo están juntas las juntas». — «Mucha hacienda de oro y plata».
- CASTRO DAS SEIXAS, Uz, Leboreira. — Mamoas de Castro das Seixas. — «Piedras altas y anchas como de medio estado de hombre a manera de pincho de zapatero».
- CASTRO DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA, Vigo. — Decra-racións de que inda non estaba aberto en 1610.
- CASTRO DE SAN PEDRO DE MATAMA. — Vigo, Pontevedra. — Aberto en 1608.
- CASTRO DE SEGADE, Penaflor, Caldas. — Aberto en 1610. — Querían sacar dela «un madureiro (?)». — Folk.

TORRE

- TORRE DE FREAN. — Un tesouro nun dos muros. — 1603.

O que resta

Non embargantes, duas vizosas colleitas de xoias téñense axuntado na Galicia, agás das pezas que teñen os Museos de Madrid e das outras que perduran en poder de particulares.

A primeira foi formada por Don Ricardo Blanco Cicerón, meritísimo compostelán, bo coñecedor das antigüedades galegas Abrangue, 39 exemplares, agás anacos soltos, tanto do bronce como castrexos; deles 16 torques e 12 brazaletes. Foi de recente adquirida por Don Alvaro Xil Varela, xeneroso benfeitor dos Museos da nosa terra, e agardamos que axiña sexa esposta en algúns deles.

A outra é a que axuntamos no Museo de Pontevedra. Ten 59 piezas. — aparte anacos soltos, tan variadas que pode ofrecernos o repertorio íntegro das formas do bronce e dos castros con algúns exemplares únicos. Fórmana os tesouros de Golada, Caldas de Reis, Foxados, Bedoya e sete pezas varias. Ten 33 brazaletes, 10 torques, 2 pares de arracadas e outras 2 soltas, 2 colares, 2 aros, 2 cuncos, 1 diadema ou brantea, 1 xerriña e 1 pieite.

Inda que se axuntaran as dúas colleitas non acadaría a riqueza do voso «Museo Leite de Vasconcelos», cuio Director vai honrarmonos agora cas suas verbas, e faltarían sempre as pezas-chave: o brazaletes de Estremoz, o torques de Vilas-Boas, a diadema de Ribadeo o remate de Santa Trega.

Compriría, de remate, unha longa risca de nomes, chea de gabanzas pra cantos estudaron a ourivesaría castrexa. Comenzaría en Villaaamil e Castro, seguiría con Leite de Vasconcellos, Gómez Moreno, Severo, Heleno, Fontes, López Cuevillas, Bouza Brey, Do Pazo, Cardozo, Fernando da Almeida, Santos Junior, Lourenzo Fernandes, Blanco Freixeiro,... Una longa nómina onde os prestixios portugueses van, de mans dadas, cos nosos eruditos galegos. O mesmo ouro nos mesmos rios; ouro dos mesmos saberes, aquén e alén Miño. Este xuntoiro e tamén unha ofrenda á memoria dos que nos deixaron e un azo novo pros que siguen, perto de nós, mozos ou bellos, o seu maxisterio.

Intervenções

Prof. Santos Júnior

Considera o tema desta comunicación do maior interese.

Ao valor intrínseco do tema há que juntar a erudição com que foi desenvolvido e o brilho com que foi tratado.

Foi, sem dúvida, grandemente desenvolvida a indústria dos auríferos castrejos, atentada pelo grande número de achados de que há notícia. Quantos teriam ficado no segredo dos seus achadores e dos ourives, que ignaramente, derreteram nos seus cadinhos tantas e tantas jóias castrejas.

Outro aspecto da ourivesaria castreja é o da riqueza ornamental de muitas peças e a beleza e sumptuosidade de algumas como bem o atesta o notável torques de Vila Flor que o Prof. Santos Júnior com o seu Assistente Dr. Osvaldo Freire, teve o ensejo de estudar em primeira mão.

Referiu-se à necessidade de publicar um *Corpus* das jóias castrejas que se conservam em alguns museus nacionais.

Alude à precisa e ampla colecção de jóias castrejas existentes no Museu de Pontevedra, que formam um verdadeiro e rico tesouro.

Dr. Fermin Bouza-Brey

Lembra o torque minhoto de Vila Flor estudado pelo Dr. Santos Júnior. Expressa como o ouro intervém nas lendas populares, como médio moralizador quando são oferecidos pelas «mouras» dos castros objectos diversos às gentes da freguesia, baixo certas condições, que se são cumpridas transformam fagicamente tais objectos em ouro, e, do contrário, são convertidas em carvão. Por fim assinala na toponímia da Galiza certos castros chamados de Ourille, lembrando antigas explorações auríferas.

Dr. Joaquin Lorenzo Fernandez


Em Lobeira, Ourense, há um penedo à beira do rio, na ponte Avedela, no que vive uma moura que baixa ao rio com um cântaro e dá de beber ao viandante sedento.

P.º António da Eira,


Na aldeia de Pomarelhos, freguesia de Torqueda, há uma lenda que nos fala de uma moira encantada, que sai transformada num bezerro de oiro.

Um dia um homem foi vê-la; à saída da ponte, pronunciou a palavra «Deus».


Sentiu uma bofetada e ficou sem o tesouro.



Distribución dos restos de explotacións auríferas de época romana na Galícia, según Cuevillas.




Cabeza castrexa de Rubiás con torques.




Decoración das varelas dos torques, según Cuevillas.

- 1 — Marzán; 2 — Recadieira; 3 — Mondoñedo; 4 — Viladonga; 5 — provincia de Lugo; 6 — ídem; 7 — Centroña; 8 — Foxados; 9 — ídem; 10 — ídem; 11 — San Lorenzo de Pastor; 12 — Rendar; 13 — Capelada; 14 — Cangas de Onís; 15 — ídem; 16 — ídem; 17 — Santa Tecla; 18 — ídem; 19 — Lanhoso; 20 — ídem; 21 — Masma; 22 — ídem; 23 — provincia de Orense; 24 — Lebução; 25 — Langreo; 26 — Cortinhas; 27 — Bagunte; 28 — ídem; 29 — ídem; 30 — ídem; 31 — Astorga o Cangas de Tineo.




Decoración das cabezas dos torques, según Cuevillas.


1 — Provincia de Lugo; 2 — Foxados; 3 — Cangas de Onís; 4 — ídem; 5 — ídem; 6 — Lebuçãõ; 7 — Langreo; 8 — Estela; 9 — Codeçais; 10 — Santa Tecla; 11 — Lanhoso; 12 — ídem; 13 — Tourem; 14 — provincia de Orense; 15 — Bagunte; 16 — Serra da Capelada.




Torques con decoración de aves da Col. Blanco Cicerón.




Torques do tesouro de Foxados — Museo de Pontevedra.




Fragmento de Torques. Col. Blanco Cicerón.




Torques de Burela (Viveiro).




Torques da Col. Blanco Cicerón.




Arrecadas do tesouro «Bedoya» — Museo de Pontevedra.




Arrecadas do tesouro «Bedoya» — Museo de Pontevedra.




Brantea do tesouro «Bedoya». Fragmento — Museo de Pontevedra.



Diadema de Ribadeo — Museo Arqueológico Nacional Madrid.



Alguns aspectos do torques de Vilas Boas (Vila Flor).



Diadema de Ribadeo pormenor — Museo Arqueologico Nacional Madrid.